



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Alba Castro, José Luís
 Alén González, M^a Elisa
 Álvarez da Costa, Estrella
 Álvarez Rodríguez, Christian
 Anaya Revuelta, Inmaculada
 Anido Rifón, Luís E.
 Barajas Alonso, Ángel Antonio
 Barreiro Alonso, Enrique
 Bergareche Gros, M^a Almudena
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Blanco Sierra, Javier
 Bravo Bernárdez, Jorge
 Bueno Alonso, Jorge Luís
 Caballero Rúa, Armando
 Cabeza Perciro, Jaime
 Carballo González, Ángeles
 Cebro Rodríguez, Xoán M.
 Cid Fernández, Xosé Manuel
 Del Val García, Jesús
 Docampo Parente, Jerónimo
 Domínguez Rodríguez, Jonathan
 Doval Ruiz, María Isabel
 Estévez Toranzo, Margarita
 Expósito González, Benedicta
 Falagán Mota, Jorge
 Fernández Riverola, Florentino
 Fernández Souto, Ana Belén
 Fernández López, Francisco Javier
 Fernández Freijedo, Judit
 Fernández Fernández, Federico A.
 Fernández Jáuregui, Manuel
 Fernández Rey, Aser Ángel
 Fraiz Brea, José Antonio
 Gándara Pérez, José Antonio
 García Fontán, Soledad
 García Faba, Patricia
 García Vázquez, Manuel
 García-Pintos Escuder, Adela
 Godoy Malvar, Eduardo
 González Piñeiro, Luís
 Graña Rodríguez, Ana M^a
 Gutiérrez Nieto, Manuel
 Gutiérrez Sánchez, Águeda
 Iglesias Domínguez, Raquel María
 Lago Ferreiro, Alfonso
 Longo González, M^a Asunción
 Lorenzo Cimadevila, Henrique
 Lorenzo Moura, Diego
 Loveira Pazó, Rosa M^a
 Mandayo Fernández, Lorenzo
 Martín Ortega, Elena Beatriz
 Martínez Piñeiro, Manuel
 Mato de la Iglesia, Salustiano
 Meana Martínez, Juan Carlos
 Mojmón Ojea, Artemio
 Mollinedo Lois, Carlos
 Moure Rodríguez, M^a José
 Muñoz López, Luís
 Nieto Palmeiro, Óscar
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Núñez Riveiro, Miriam

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o 13 de decembro de dous mil doce, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O martes **13 de decembro de 2011**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2011.
2. Informe anual do Reitor.
3. Informe sobre a planificación plurianual de acordo co artigo 60.b dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.
5. Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:
 - Sector PDI-B: 1
6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - Sector estudantes: 2
 - Sector PDI-A: 2
 - Sector PDI-B: 2
7. Elección do seguintes posto no Consello de Goberno:
 - Sector estudantes: 2
 - Sector decanos-as/directores-as: 1
8. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2011.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se acepta a alegación recibida ao punto 7, relativo a rogos e preguntas, de modo que onde di “Intervén a profesora Águeda Gutiérrez para facer valoracións sobre a falta de criterios uniformes no proceso de avaliación no sistema Bolonia” debe dicir “Intervén a profesora María José Moure Rodríguez...”.

Apróbase por asentimento.

Orge Álvarez, Beatriz P.
 Pajares Domínguez, Sergio
 Paz Domonte, Enrique
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Pereira Domínguez, Alejandro
 Pérez Rodríguez, M^a Rosa
 Pérez Seoane, Jesús
 Pino Juste, Margarita R.
 Prada Rodríguez, Julio
 Puga Alonso, Javier
 Quintás Corredoira, M^a Angeles
 Rama Martínez, Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Ríos Santomé, María José
 Rodríguez de Prado, Francisco
 Romo Pérez, Vicente
 Rubiños López, José Óscar
 Ruzicka Kenfel, Veljka
 Sáez Ocejó, José Luis
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Gálvez, Estevo
 Silveira Valledor, Manuel
 Siota Álvarez, Mónica
 Soto Carballo, Jorge G
 Soto Andión, Xosé
 Surís Regueiro, Juan Carlos
 Terol Martín, Irene
 Trillo Yáñez, María Cristina
 Tugores Martorell, Francisco
 Valdés Peña, M^a Dolores
 Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
 Vallejo Pousada, Rafael
 Vaquero Díaz, M^a Beatriz
 Varela Martínez, Iago
 Vázquez Dorrio, José Benito
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Otero, María Elsa
 Vázquez Vicente, Xosé H.
 Vidal Vázquez, Ricardo
 Vidal Rodríguez, Saleta
 Vila Alonso, M^a de las Mercedes

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Aneiros Pereira, Jaime
 Badaoui Fernández, Aida
 Basalo Domínguez, David
 Currás Valle, M^a Consuelo
 Diz Ferreiro, Paula
 Domínguez Castro, Luís
 Enríquez Salido, M^a del Carmen
 Fernández Fustes, M^a Dolores
 Ferro Soto, Carlos
 González Pillado, Esther M^a
 Llamas Nistal, Martín
 Morán Martínez, M^a Paloma
 Novoa Fernández, Yolanda
 Pérez Cota, Manuel
 Pose Blanco, José
 Rodríguez Méndez, Miguel E.
 Rodríguez Rivas, Andreia
 Valderrama Santomé, Mónica

Punto 2. Informe anual do Reitor.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que de acordo coa decisión tomada pola Mesa do Claustro de ampliar o tempo para realizar as votacións previstas nos puntos 6º e 7º da orde do día, as urnas estarán abertas para que as votacións se podan facer simultaneamente mentras dura o Claustro. Procederáse ao recuento dos votos cando finalice o informe e debate dos puntos 2º, 3º e 4º da orde do día. Seguidamente dá conta das diferentes candidaturas e do procedemento electoral que queda recollido nos puntos correspondentes deste acta.

Toma a palabra o reitor para dar conta do informe anual sobre a súa xestión como Reitor desta universidade, en cumprimento do artigo 60, apartado a) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor comeza dicindo que o ano 2011 ten sido un ano difícil na contorna na que a nosa universidade se insire. A pesar destas dificultades, o reitor di que pode presentar un balance económico e de actividades satisfactorio.

O reitor di que o informe se refire á acción de goberno durante o pasado curso e o comezo do presente.

En primeiro lugar, dá conta do cambio no equipo de goberno que tivo lugar despois do verán. Informa que o pasado día 1 de setembro, a profesora Dna. Victoria Jato, vicerreitora de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense, se acolleu á xubilación anticipada. Como consecuencia desta decisión persoal, levou a cabo un reaxuste nas competencias delegadas nas vicerreitorías de campus que se reflexa na R.R. publicada no DOG o 14 de setembro do 2011.

A continuación, informa da elección de D. Ernesto Pedrosa como presidente do Consello Social en substitución de D. Emilio Atrio, ao que lle quere facer chegar o recoñemento do Claustro polo seu labor e a súa dedicación.

Continua o informe falando das políticas de profesorado.

A este respecto, expón que a liña de goberno se dirixe, por unha banda, á racionalización e adaptación do cadro de persoal á nova estrutura de títulos e, por outra, á necesaria contención imposta pola situación económica. As actuacións neste eido contemplan o dereito do PDI á promoción á vez que garanten o respecto aos principios de mérito e capacidade. Con este obxectivo fixéronse as convocatorias do plan de promoción, que se concretaron nunha convocatoria extraordinaria do Plan de Promoción 2010 e unha convocatoria do Programa Especial de Promoción 2010/11. Neste último incorporáronse algunhas novidades, como o requisito de antigüidade de 3 anos, un número mínimo de 70 puntos para acadar unha praza e a asignación a campus das prazas asignadas aos departamentos. En conxunto, estas convocatorias deron lugar á consolidación de 20 prazas, o que supón unha porcentaxe de consolidación de arredor do 90%.

O reitor di que a súa intención e a do seu equipo de goberno é manter vías de promoción de persoal docente e investigador que, racionalizando a oferta na captación de investigadores, garantan a oportunidade de promoción a aqueles que cumpran uns requisitos esixentes e realistas. Entendemos que esta senda, pola que vimos camiñando nos últimos anos, deunos a oportunidade de figurar entre as mellores universidades do estado en investigación, á vez que nos permitiu un gran recoñecemento internacional. Neste senso, di que xa foi anunciada unha reforma do plan de promoción a partir do ano 2014, na que se contemplan de xeito transparente e inequívoco os requisitos que a nosa universidade establece para a consolidación de investigadores.

No mesmo senso de racionalización de cadros de persoal, abordouse a reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado. Tras esta reforma, a idade mínima para acollerse ao plan é de 63 anos. Á indemnización a percibir con carácter anual é actualizable na mesma medida que os salarios do persoal docente e investigador en situación de actividade, resulta dun coeficiente redutor en función da idade.

O reitor informa que, no Consello de Goberno do mes de novembro, se aprobaron novos criterios para o cálculo da carga docente básica nas titulacións de grao. Considerando rematada a primeira etapa da transición das ensinanzas derivadas da LRU cara ao EEES, as necesidades estruturais de profesorado deben determinarse a partir de indicadores académicos básicos de tipo xeral que permitan medir o esforzo necesario en recursos humanos cun carácter estable no tempo. Entre estes indicadores están o número de estudantes que acceden cada ano por primeira vez aos estudos e as taxas de abandono, graduación e eficiencia, que permiten cuantificar o número medio de estudantes matriculados nunha titulación e a matrícula global na mesma. A partir destes datos, é posible cuantificar as horas lectivas de profesorado necesario en cada titulación tras a determinación pola universidade dun “tamaño medio de grupo” que procure un balance xusto entre criterios de calidade e viabilidade económica. No inmediato futuro, este cálculo complementarase co correspondente aos estudos de posgrao.

Tamén, no mes de novembro, se aprobou en Consello de Goberno o novo plan de promoción a cátedra, que permitirá controlar o alcance global e as repercusións deste proceso no conxunto de áreas e ámbitos de coñecemento. Este plan contempla dúas vías de promoción. A primeira delas emprega o criterio de cadro de persoal, de xeito que terán prioridade as prazas a crear en departamentos cunha baixa proporción de catedráticos respecto do cadro de persoal

total. A segunda vía contempla a promoción por méritos dos acreditados, que se comparan co promedio da súa área CNEAI. Ata o momento actual, o número de prazas creadas en 2011 foi de 19 e a intención é manter no 2012 un número de prazas para promoción no entorno da media dos últimos anos.

Respecto dos posgraos, o reitor di que temos nestes momentos 46 másteres de investigación que conducen a doutoramentos verificados polo RD 1393/2007 e 31 másteres profesionalizantes; 26 destes programas de doutoramento recibiron a mención cara á excelencia. Recentemente ven de aprobarse o decreto que regula as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo, a instancias da Universidade de Vigo, contéplase unha situación transitoria para o curso 2012-13, na que os másteres chamados de investigación se poderán impartir con 10 alumnos novos; a partir dese curso, o número de estudantes matriculados terá que ser de 20 para calquera máster.

Sinala que, en relación aos datos de matrícula para o presente curso, se produciu un lixeiro incremento no número de estudantes, tanto en primeiro curso como en cifras globais. Segundo datos da CIUG, matriculáronse 3619 estudantes no primeiro curso de cada un dos 52 títulos de grao ofertados neste curso 2011-2012 pola Universidade de Vigo nos tres campus. A eles habería que engadir os 28 matriculados da Escola de Deseño Téxtil e Moda e os 80 matriculados no Grao en Enxeñaría Mecánica que se imparte na Escola Naval Militar de Marín, resultando un total de 3727. O reitor expón, que tendo en conta que a oferta foi de 3824 prazas e que en 25 dos 52 graos a demanda do alumnado superou o límite de prazas fixado inicialmente, o número de prazas vacantes é de 199, o que supón un 91,4 % de prazas cubertas. Isto supón un incremento de 3,2 % respecto do curso anterior.

O reitor informa que, por ámbitos, foi o Xurídico-Social no que maior demanda de prazas se rexistrou, ata o punto que a solicitude de matrícula do alumando superou a oferta de prazas en 16 das 22 titulacións (ADE; Dereito; Educación Infantil; Educación Primaria; Traballo Social e Turismo no Campus de Ourense; Ciencias da Actividade Física; Comunicación Audiovisual; Dirección e Xestión Pública; Educación Primaria e Publicidade e Relacións Públicas no Campus de Pontevedra e Comercio; Dereito; Economía; Educación Primaria e Relacións Laborais no campus de Vigo).

No ámbito das Humanidades, a demanda superou á oferta en 4 das 8 titulacións que o integran (Xeografía e Historia no Campus de Ourense e Linguas Estranxeiras; Tradución Galego-Inglés e Tradución Galego-Francés no Campus de Vigo), mentres que no das Ciencias da Saúde a demanda superou á oferta en 2 das 5 titulacións (Enfermaría no Campus de Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).

Nos ámbitos das Ciencias Experimentais e no Tecnolóxico, as solicitudes de matrícula só superaron á oferta en 1 titulación no primeiro caso (Ciencias do Mar no Campus de Vigo) e en 2 no segundo (Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría Mecánica, ambos no Campus de Vigo).

Por campus, o de Vigo rexistrou 2085 matriculados, o de Pontevedra 841 e o de Ourense 693, o que representa respectivamente o 57,6%, o 23,2% e o 17,6 % de matriculados no curso 2011-2012.

En relación co curso pasado, os campus de Vigo e Ourense incrementaron o seu alumnado en 70 e 58 estudantes respectivamente, mentres que o Campus de Pontevedra rexistrou un descenso de 12 matriculados.

Respecto dos másteres, a matrícula de novo ingreso elevouse a 1522 estudantes. Do total de matriculados, 919 corresponden a estudos que se imparten no Campus de Vigo; 364 en Ourense e 239 no campus pontevedrés.

Se aos 1522 matriculados nos primeiros cursos dos mestrados que se imparten este ano se lle suman o resto de matriculados noutros cursos, a cifra total acada as 1997 matriculacións en programas de posgraos neste curso 2011-2012.

O número total de estudantes matriculados na Universidade de Vigo é de 22744, un 2% máis que no curso 2011-2012.

O reitor di que lle gustaría destacar que estamos xa moi preto de cubrir a nosa oferta nos graos e, que tras os axustes necesarios, chegaremos a un escenario no que o número de estudantes se manteña estable.

En relación coas políticas de calidade, o reitor sinala que somos conscientes da carga de traballo que están a supoñer para a comunidade universitaria en xeral e para os centros de xeito particular. Di que neste senso, o equipo de goberno esta manifestando ante as instancias educativas autonómicas e estatais a necesidade dunha racionalización dos sistemas de garantía de calidade. Sinala que namentres non se produzan estes cambios necesarios, tentaremos racionalizar os nosos propios sistemas sen prexuízo de facer un seguimento correcto que garanta a consecución dos obxectivos de calidade para os nosos centros e servizos. Para o seguimento dos títulos de grao e máster, realizáronse xornadas informativas xunto coa ACSUG, elaboráronse documentos de seguimento e apoio, e estanse a rematar os modelos de plantilla que faciliten o cumprimento do requisito de publicidade da información dos títulos.

Continua informando que neste ano se levaron a cabo modificacións de diversas normativas, regulamentos ou instrucións que precisaban adaptación á actual estrutura de títulos de grao e máster. Tal é o caso, por exemplo, das normativas de recoñecemento de créditos ou de traslado de estudantes.

Tamén, no senso de adaptar e mellorar a xestión de asuntos de profesorado, realizáronse cambios noutras normativas ou convocatorias. Tal é o caso de:

- A convocatoria de anos sabáticos 2011/12, que incorpora os méritos de xestión.
- A Normativa de cambio de área de coñecemento adaptada á normativa vixente, que deixa ás universidades a capacidade de decisión sobre os cambios.
- A Modificación da normativa de profesorado interino por substitución, que agora incorpora só persoal a tempo parcial.

Respecto do balance en investigación e transferencia, o reitor comeza por citar a visibilidade acadada pola nosa universidade nalgúns dos ránkings máis importantes para a comunidade científica. No chamado Ránking de Shanghai, a Universidade de Vigo apareceu por primeira vez entre as primeiras 500 universidades do mundo. Este é tamén o caso do Webometrics 2011, ránking elaborado polo laboratorio de Cibermetría do CSIC. No ránking Scimago, a nosa universidade sitúase no posto 17 entre as universidades españolas, posición que se eleva ata a 11ª se a produción se calcula por profesor. No Scimago para institucións iberoamericanas, a Universidade de Vigo aparece entre as 50 primeiras. Pola súa banda, o informe CyD da Fundación Conocimiento y Desarrollo, sitúa, entre as universidades españolas, á nosa institución no primeiro posto en Ciencia dos Materiais, no segundo en Ciencias da Computación e no cuarto en Agricultura e Bioloxía.

Respecto de solicitudes institucionais a convocatorias públicas, o reitor informa que se acadaron en 2011 2.564.327 € en proxectos cofinanciados por FEDER para CINBIO, ECIMAT, AtlanTIC e CACTI e en axudas INNPLANTA para CITEXVI e CACTI. Durante 2011, depositáronse 42 proxectos institucionais no marco de convocatorias internacionais, nacionais e rexionais. No mesmo período e tendo en conta que algúns dos proxectos depositados aínda están suxeitos a avaliación, aprobáronse 17 proxectos institucionais, que supoñen un valor de 1.169.215 € e cunha taxa de éxito do 40%. O reitor expón que é a nosa intención continuar a participar en todas as convocatorias públicas a nivel autonómico, estatal e internacional como vía para manter os proxectos de infraestruturas de investigación pendentes. O financiamento acadado en proxectos europeos do Programa Marco, Interreg e outros elévase ata 3,7 millóns de €, o que supón case triplicar as cifras de 2010. Realizáronse 94 solicitudes de grupos ó MICINN que se atopan nestes intres pendentes de resolución definitiva.

Informa que se asinaron 173 contratos con empresas por valor de 6.105.913 €, 1240 informes por un total de 1.500.225 € e realizáronse 19 cursos que supuxeron 53.112 €. O financiamento total, superior aos 7,6 millóns de euros, representa un incremento superior ao 4% respecto a 2010, que considera un resultado moi satisfactorio no escenario de crise no que nos atopamos.

Respecto a patentes e modelos de utilidade, tramitáronse 2 solicitudes de PCT internacionais, 10 de patentes nacionais e 2 de modelos de utilidade.

No Consello de Goberno de 29 de marzo de 2011, aprobouse a convocatoria anual de axudas á investigación que se está a resolver actualmente.

En relación á produción científica, en 2011 por primeira vez foi dividida en produción de investigación e produción de transferencia, feito no que somos pioneiros nas universidades españolas. Trátase, por esta vía, de amosar a nosa aposta pola transferencia de coñecemento visibilizando e recoñecendo este labor. A produción de investigación correspondente aos anos 2009 e 2010 atópase en período de solicitude e verificación nestes intres.

Durante o 2011 incorporáronse 6 investigadores do programa Parga Pondal, 3 do programa Ramón y Cajal e 3 do programa Juan de la Cierva. O descenso do número de

investigadores incorporados é consecuencia das restricións orzamentarias impostas a estes programas e non dos resultados acadados pola nosa universidade.

No referente a economía e planificación, o reitor quere expoñer ante o Claustro a situación actual do plan de financiamento, que aínda que se tratará este punto neste Claustro, nas liñas xerais de política orzamentaria. A novidade para este exercicio é a posta en práctica, para o 5% do financiamento estrutural, dos novos criterios de reparto acordados no SUG e asinados coas Consellerías de Facenda, Educación e Ordenación Universitaria e Economía e Industria neste ano 2011. Estes criterios de reparto aplicaranse de modo crecente ao longo da vixencia do Plan de Financiamento (10% en 2013, 15% en 2014 e 20% no ano de remate do Plan en 2015).

Durante este ano 2011 mantivéronse un número importante de xuntanzas entre as universidades do SUG e a Xunta de Galicia, que deron lugar a aprobación de criterios para o reparto do 5% do financiamento estrutural. Estes criterios de reparto aplicaranse de modo crecente ao longo da vixencia do Plan de Financiamento, (10% en 2013, 15% en 2014 e 20% no ano de remate do Plan en 2015).

Os criterios aprobados, co voto en contra da UDC e a abstención da USC, son os seguintes:

1. Campus de excelencia internacional.
2. Captación de recursos externos: ingresos á marxe do financiamento da Xunta de Galicia en relación ao PDI doutor.
3. Internacionalización: output do Informe Anual Scimago World Report en relación ao PDI doutor.
4. Transferencia de coñecemento:
 - 4.1 a). Número de proxectos PID e CENIT en relación ao PDI doutor.
 - 4.1 b). Número de spin-off en relación ao PDI doutor.
 - 4.2. Ingresos percibidos en concepto de contratos e convenios con empresas e entidades privadas en relación ao PDI doutor.
5. Calidade na docencia: Transferencias correntes da administración educativa por estudante matriculado de primeiro e segundo ciclo e grao en centros propios de cada universidade. Este criterio repártese de xeito inverso.

O reitor informa que estase á espera do reparto do 5% do fondo de calidade que depende da Consellería de Facenda.

Continua dicindo que as actividades máis importantes levadas a cabo pola Oficina de Medio Ambiente se refiren a xestión ambiental e educación e sensibilización ambiental.

Respecto da xestión ambiental, leváronse a cabo procesos de implantación do Sistema de Xestión Ambiental ISO 14001 nos Servizos de Biblioteca e Deportes dos tres campus, estudos e implantación de procedementos para a xestión de residuos, tramitación administrativa e captación de subvencións para a instalación de fontes de enerxía renovables, optimización da eficiencia enerxética das instalacións e mellora do medio nos campus. Respecto de educación e sensibilización ambiental organizáronse actividades dirixidas a estudantes de secundaria da contorna de Vigo.

En 2011 puxéronse a punto os plans de autoprotección do edificio de Ciencias Experimentais, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Biblioteca Central no Campus de Vigo, do Edificio Facultades e o Politécnico en Ourense, da Escola de Enxeñaría Forestal en Pontevedra e a ECIMAT. No Consello de Goberno deste mesmo mes someteremos a aprobación o Plan de Prevención, que xa foi aprobado na correspondente comisión.

Durante o presente ano 2011 a Biblioteca organizou varios períodos de aperturas especiais de noites e fins de semana en épocas de exames e probas de avaliación. As devanditas aperturas tiveron lugar en tres bibliotecas (unha por campus): biblioteca de Torrecedeira, biblioteca Central do Campus de Ourense e biblioteca Central do Campus de Pontevedra.

O catálogo automatizado da Biblioteca (OPAC) que recolle e referencia dos fondos bibliográficos e documentais que integran as coleccións adquiridas pola Biblioteca Universitaria e os centros da Universidade recollía, a final do curso 2010-11, un total 17.160 de rexistros, dos que 7.767 ofrecían acceso ao texto completo.

O catálogo forma parte dun sistema informático máis amplo, Millennium, cuxa xestión ata este ano estaba encomendada mediante un convenio asinado en outubro de 2002 ao Consorcio Bugalicia. Non obstante, dende o vindeiro ano 2012, a xestión do sistema recaerá na Biblioteca Universitaria.

Nas cifras das achegas da Xunta de Galicia ao Consorcio Bugalicia, desde o ano 2007 apréciase unha redución acumulada en 2011 do 27%, sendo en 2010 cando se rexistrou a redución máis importante: 24% con respecto ás achegas de 2009. Como consecuencia desta redución orzamentaria, do incremento dos prezos dos recursos documentais e da configuración oligopólica deste mercado, o consorcio Bugalicia está a experimentar severas dificultades, que obrigan a acometer cancelacións nas suscripcións, co correspondente empobrecemento da oferta. Nestas circunstancias o apoio financeiro das Administracións dentro do contexto máis xeral de apoio á educación e á investigación resulta esencial. Neste senso, hai que salientar en España dúas realizacións recentes da Administración Central, a través da FECYT, que completan a acción dos consorcios, e nas que participa a Biblioteca da UVigo: as licenzas nacionais de contratación das bases de datos Web of Knowledge (ISI) e Scopus. Esta contratación, por exemplo no caso de Scopus, supuxo para a Biblioteca da UVigo unha redución da factura a pagar próxima ao 50% (unos 26.000 €), xa que a FECYT asume unha parte importante da financiación da suscripción.

A biblioteca abordou diversas accións de mellora no desenvolvemento do seu sistema de xestión de calidade, como a posta en marcha dunha intranet con funcionalidades de web 2.0, o

desenvolvemento dun sistema de recollida e tratamento de queixas ou a posta en marcha dun sistema de enquisas de satisfacción. Como complemento á xestión da calidade e a súa certificación, a Biblioteca participa desde este ano nun proxecto, xunto co Servizo de Deportes, promovido pola Vicerrectoría de Economía e Planificación, de implantación e certificación dun sistema de xestión medioambiental baixo a norma ISO 14001.

O reitor di que na difícil situación económica na que nos atopamos as actuacións que teñen que ver con novas infraestruturas, tanto no que atinxe a novas construcións como a equipamentos, son posibles unicamente a través do financiamento acadado nas convocatorias en concorrencia competitiva. No referente a infraestruturas de investigación, no exercicio 2011, finalizou a construción do Centro de Apoio á Investigación (CACTI), que albergará os Servizos de Determinación Estrutural e Proteómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible. Con esta construción, ampliaranse as superficies e melloraranse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos. Informa que está xa resolta a licitación para a contratación das obras de construción do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

Sinala que se desenvolveron tamén todos os trámites administrativos para a obtención da licenza urbanística para o Pavillón de Embarcacións no ECIMAT, na Illa de Toralla. Que se iniciaron os trámites para a elaboración do proxecto construtivo para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC).

Respecto aos fondos propios para infraestruturas docentes e de servizos adicáronse as partidas de Reformas e Mantemento. Así, ao longo do ano 2011, en todos os edificios dos tres campus realizáronse as tarefas necesarias para conseguir un adecuado mantemento e para solucionar todas as incidencias que tiveron lugar. Asemade, continuou a adaptación de espazos para lograr un uso máis flexible dos mesmos, conforme aos requirimentos dos novos plans de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior. Tamén se fixeron obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos, e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc. Supervisáronse todos os contratos dos diferentes mantementos de instalacións, buscando sempre unha mellor eficiencia enerxética e un meirande aforro económico.

As actuacións máis importantes de 2011 en infraestruturas docentes e de servizos pódense resumir en:

- Entrada en funcionamento da Escola Infantil do Campus de Pontevedra, xestionada polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- Finalización das obras de construción da Escola Infantil do Campus de Ourense, así como o seu amoblamento e equipamento.

- Finalización da instalación solar fotovoltaica de dez kw sobre a cuberta da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Esta instalación, ademais de contribuír á redución do gasto en subministro eléctrico, reafirma o noso compromiso coa preservación do medio ambiente ao tratarse da produción dunha enerxía renovable.
- Finalización das obras das Instalacións Deportivas, que inclúen un campo de fútbol-rugby, no Campus de Ourense. Con esta infraestrutura amplíase notablemente a nosa oferta deportiva.
- Remate das obras do Xardín Medioambiental do campus de Ourense, que constitúe un importante pulmón verde no centro da cidade.
- Acondicionamento dun espazo no Edificio da Biblioteca do Campus de Ourense para albergar provisionalmente a colección doada polo Dr. Rodríguez Gracia, e que se pretende sexa a orixe do futuro Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade.
- Inicio das obras de ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.
- Finalización da tramitación administrativa para o inicio da construción da Escola Infantil do Campus de Vigo. O Concello de Vigo aprobou xa o estudo de detalle que modifica o plan xeral que permite o uso da parcela para escola infantil. Estase á espera de que o Concello de Vigo expida a licenza de obra.
- Finalización do proxecto e licitación das obras de urbanización no Campus de Pontevedra.
- Licitación das obras para a execución dun vieiro na Rúa Torres, no Campus de Ourense.
- Redacción do proxecto básico e de execución do Edificio de Servizos Centrais do Campus de Ourense.
- Finalización da tramitación administrativa e urbanística relativa ao futuro Edificio das Artes no Campus de Pontevedra.

Respecto á profesionalización da Dirección Técnica de Obras, Instalacións e Infraestruturas, realizáronse durante 2011 diferentes actuacións que pretenden mellorar o nivel

de servizo desta unidade. Que, en primeiro lugar, estase implantando un sistema de xestión das instalacións e da execución de obras mediante o programa Mansis, que permitirá unha mellor organización das infraestruturas, unha mellor programación dos mantementos preventivos, legais e correctivos, un control máis efectivo da execución das diferentes obras, e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos. Que, en colaboración co Servizo de Contratación, se desenvolveu a Instrución de contratación menor, que pretende axilizar os trámites, á vez que aumentar a concorrència naquelas obras, subministracións e servizos de importes que no precisen dun proceso de licitación.

En relación ás axudas a estudantes, e a pesar das restricións orzamentarias, neste ano 2011 fíxose un esforzo polo mantemento das distintas bolsas que se conceden. Este esforzo é aínda máis significativo se se ten en conta o pago da seguridade social que agora mesmo levan implícitas. Respecto das bolsas propias da Universidade, concedéronse 456 bolsas de comedor, 143 bolsas para másteres oficiais e 115 bolsas de aloxamento. Ademais, foron adxudicadas 42 bolsas para colaboración na mellora dos centros, 158 bolsas para a elaboración das enquisas docentes, 132 bolsas dependentes das vicerreitorías de planificación e dos campus de Ourense e Pontevedra, 52 bolsas para investigación e transferencia e 2 para a Unidade de Igualdade. Ademais, convocouse unha nova edición dos Premios de excelencia académica, nos que 36 estudantes de primeiro curso recibiron un ordenador portátil.

O reitor expón que no presente e no futuro da nosa universidade temos marcada como prioritaria a internacionalización de todas as nosas actividades. Esta internacionalización abrangue varios aspectos. Por unha banda, seguemos a apoiar os intercambios ERASMUS, nos que están a participar 713 estudantes con bolsas de estudo e 31 estudantes en prácticas, 69 docentes e 14 membros do PAS. Asemade, dispoñemos de 23 bolsas no programa Leonardo da Vinci e outras 14 financiadas polo Banco de Santander. Por outra banda, dende as vicerreitorías de Relacións Internacionais e de Transferencia do Coñecemento co soporte da Vicexerencia de Internacionalización, depositáronse 70 solicitudes de proxectos no marco de convocatorias internacionais de investigación. 21 destas solicitudes correspondían a proxectos institucionais. Foron concedidas polo momento 12, xa que algúns aínda están en fase de avaliación, por un importe de 3.782.131 €.

No ano 2011 establecéronse máis de 40 novos contactos con diversas institucións internacionais, co obxectivo de establecer liñas de colaboración en distintos temas sectoriais, entre os que destacan a valorización e explotación dos resultados de investigación; o transporte e a loxística; a xestión de servizos de innovación; as relacións internacionais; a seguridade telemática e na defensa; a xestión integral do ciclo da auga; e o investimento inicial; capital semente e capital risco.

O reitor di que de xeito paralelo a esta aposta pola internacionalización, a universidade pretende manter o contacto máis estreito coa contorna social e cultural que a rodea. Neste senso se elaborou e aprobou un regulamento de voluntariado, que se encadra dentro dun plan estratéxico para favorecer os labores de apoio social por parte da comunidade universitaria.

Respecto da Área de Normalización Lingüística, cómpre sinalar que a carga económica das actividades da ANL vén sendo soportada cada vez en maior medida cos orzamentos da

Universidade, pois a achega da Secretaría Xeral de Política Lingüística descendeu un 30% en 2011, que se suma ao 30 % do ano anterior. Nos distintos cursos de formación matricularonse 380 persoas. Organizáronse ademais dous cursos intensivos de lingua e cultura galegas para estudantes Erasmus das tres universidades galegas. A área participou tamén na VI Escola Permanente Fermín Penzol, nas Xornadas de Toponimia en colaboración co Concello de Ourense e na celebración do Día da Ciencia en Galego. Participouse na edición de libros como *O nome dos lugares: Saiáns* de Gonzalo Navaza e o segundo volume da colección *Toponimia do Val do Fragoso: Lavadores*. Nestes días estase a presentar o dicionario galego-inglés dirixido por Xavier Gómez-Guinovart, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

En materia de igualdade, o reitor salienta a aprobación do regulamento da Comisión de Igualdade e a súa constitución o día 29 de setembro de 2011. Na súa primeira sesión, a comisión aprobou a elaboración do I Plan de Igualdade da Universidade de Vigo.

A Unidade de Igualdade organizou un elevado número de actividades durante este ano, entre as que destacan a celebración do Día Internacional da muller o 8 de marzo coa proxección nos tres campus do documental *Digna Rabia*. A Unidade colaborou tamén no Festival SINSAL, financiou o ciclo NOVAS CREADORAS GALEGAS, a exposición DEPENDENCIAS MUTUAS. EMPREGADAS DO FOGAR E CRISES DOS COIDADOS, o Primeiro proxecto de visibilización das obras das alumnas da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e participou en diversas xornadas de proxeccións e conferencias.

Por pedimento da Unidade de Igualdade aprobouse na Comisión de Formación una acción formativa para todo o persoal de administración e servizos sobre o uso dunha linguaxe non sexista. Participaron nesta acción un total de 250 persoas. Asemade, en colaboración coa Área de Innovación Educativa, a Unidade de Igualdade organizou un curso dentro do Programa de Formación Permanente de Profesorado.

O reitor remata o informe dando conta das accións máis importantes relacionadas co Campus do Mar. Comeza por informar dos convenios asinados durante este ano.

O 17 de decembro de 2010 asinou o convenio entre o Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia, referente ao Programa de Conversión en Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar". Nel fixéronse as bases do traspaso dos fondos asinados, así como as xustificacións que se solicitarán por parte da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo.

O 5 de xaneiro de 2011 asinou un convenio coa Autoridade Portuaria de Vigo, e o 13 de setembro co Campus CEI-MAR.

O 11 de xaneiro de 2011 o Campus do Mar sumábase a REDCEI, Rede Española de Campus de Excelencia Internacional.

Respecto da gobernanza, o 1 de abril 2011 tivo lugar a primeira reunión do Consello Reitor do Campus do Mar, constituída polos reitores das Universidades de Vigo, Santiago e A Coruña, o presidente do CSIC e o director do IEO. Sentáronse as bases da gobernanza e

nomeouse ao Equipo de Goberno do Campus do Mar. Este Equipo de Goberno está constituído polo Director e 6 directores de áreas (Investigación, Transferencia, Docencia e Captación de Talento, Internacionalización, Proxección Social e Cultura Científica e Tecnolóxica e Xestión).

O 6 de maio de 2011 constituíuse a Comisión de Seguimento de Campus do Mar, formada por 3 representantes da Administración Xeral do Estado e por 3 representantes da Comunidade Autónoma. En dita reunión fixéronse os aspectos concretos que deben ser executados e aprobouse o Plan de Actividades e o Orzamento para o período 2011-2012.

O 24 de xuño asinouse un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a USC, e o 1 de xullo coa UDC, para a xestión económica dos fondos obtidos na convocatoria CEI 2010. Os convenios con CSIC e IEO están en vías de elaboración.

O 20 de xullo de 2011, na segunda reunión do Consello Reitor, acordouse a composición das comisións executivas de Investigación, Transferencia, Internacionalización e Captación de Talento e Proxección Social. Nos meses de setembro e outubro tiveron lugar as primeiras reunións destas comisións.

O 20 de setembro de 2011 asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para regular a concesión do préstamo.

O reitor di que xa está rematado o proceso de contratación de persoal para a Unidade Técnica do Campus do Mar (1 Técnico Superior de Proxecto, 1 Técnico Superior de Comunicación, 1 Técnico Superior de Xestión e 1 Auxiliar Administrativo). Contratáronse tamén 2 asistencias técnicas: Asistencia xurídica para a definición da entidade xurídica do Campus do Mar e Asistencia xurídica para a definición da entidade xurídica da Escola Internacional de posgraos de Campus do Mar.

No subprograma de Fortalecemento 2011, obtivéronse 95.000 € para promoción da gobernanza e 10.000 € para a formación de xestores dos proxectos CEI.

Que, para mellorar a conectividade entre socios, estanse a desenvolver bases de datos que inclúen a todos os integrantes do campus, promóvense ciclos de conferencias, impúlsase o Campus Dixital do Mar e convócanse bolsas de colaboración para estudantes das universidades galegas. No Subprograma de Fortalecemento 2011 obtivéronse 20.400 € para comezar a evolución de Campus do Mar WebTV e 57.500 € para desenvolver contornos virtuais.

No Eixo Estratéxico de Internacionalización, púxose en marcha o programa de proxección exterior co deseño dunha folla de ruta 2011-2012 para a internacionalización do proxecto, e se conseguiu no mes de novembro a cátedra UNESCO en Desenvolvemento Litoral Sostible. Ao longo deste ano leváronse a cabo numerosas actividades de promoción do campus como: Presentación en Bruselas do Campus do Mar, Foro “El mar como motor económico del espacio atlántico”, Conferencia NAFSA 2011, Open Days da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Forum do Mar, Festival dos Océanos, COLACMAR.

No Programa de Mobilidade Internacional acaba de publicarse a convocatoria de Bolsas de Mobilidade, dirixida a investigadores do Campus do Mar e con destino a universidades e centros de investigación de recoñecido prestixio internacional.

No Eixo Estratéxico de Investigación, acadouse un financiamento de 245.831 € cara o desenvolvemento de Campus Transfronteirizos.

Desenvolvéronse os Campus Científicos de Verán, un programa de inmersión de estudantes de ESO e bacharelato na vida universitaria e a actividade científica, na que durante o mes de xullo un total de 60 alumnos de toda España realizaron estancias no Campus do Mar.

Co obxectivo de fomentar a innovación e a calidade entre o alumnado, Campus do Mar convocou xunto coas empresas Marine Instruments e Inova Consultores en Excelencia e Innovación Estratéxica, a primeira edición do Premio Marine Inova 2011, que recoñece aos mellores proxectos no campo das ciencias e tecnoloxías mariñas. En setembro resolveuse coa concesión de dous premios, e abriuse a seguinte convocatoria.

No Eixo Estratéxico de Transferencia estanse deseñando os programas de transferencia xunto cos centros tecnolóxicos, sectores económicos e oficinas de transferencia. De forma paralela estase procedendo á elaboración das bases para a contratación dos xestores de transferencia.

No relativo á Transformación do Campus desenvólvense o Programas Campus Mar Life, que ofrece aos usuarios de Campus do Mar actividades deportivas, divulgativas, culturais e de lecer; o Programa de Cultura Científica e Tecnolóxica e o Programa Campus do Mar na Praia: actividade de divulgación científica desenvolvida no mes de agosto en praias de Galicia.

A través do Programa para o Conxunto da Sociedade o Campus do Mar participou en diferentes eventos como: Foro dos Recursos Marítimos e da Acuicultura das rías galegas, conferencia en Club Faro de Vigo, Campamentos formativos CLMNTK 2011 e organizouse un Curso de Comunicación para Investigadores.

O financiamento recibido no Subprograma de Fortalecemento 2011 para estes aspectos acadou 142.500 € para difusión dos CEI ós territorios, 100.000 € para creatividade e 24.000 € para uso de novos recursos tecnolóxicos.

O reitor sinala que xa se iniciou a posta en marcha da Escola Internacional de Posgrao coa creación da comisión de traballo, constituída por representantes das universidades galegas e portuguesas, CSIC e IEO. As accións máis salientables ata o momento son:

- Aprobación do Programa de Doutoramento DO*MAR, un programa único con 4 orientacións. Constituíuse a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (DO*MAR) e a súa Comisión Executiva.

- Adxudicación de 35 Bolsas de máster para estudantes de máster das tres universidades galegas, das cales 28 foron para estudantes comunitarios e 7 a estranxeiros.

En conxunto, os fondos captados polo Campus do Mar, ata o de agora, elévanse ata os 9,2 millóns de euros, ademais dos case 2,5 millóns acadados no Plan Nacional polos grupos integrados no proxecto.

O reitor remata o informe, no que de xeito resumido deu conta das accións máis salientables neste ano. Di que esta é a liña que estamos a seguir e na que continuaremos nos vindeiros anos. Pide o apoio do Claustro e a súa complicidade neste camiño.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para expresar o seguinte:

- Que pedirá a rendición de contas pola xestión do Campus do Mar no Consello de Goberno.
- Que lle producen preocupación algúns dos criterios de repartición, por exemplo o que fai referencia ao campus de excelencia; pide ao reitor que xogue en clave de sistema universitario de Galiza e non con visións que son cortoplacistas.
- Que o Plan de Financiamento lle produce inquietude; e reprocha ao equipo de goberno ser demasiado disciplinados coa Consellería de Educación para obter uns datos que non cre que beneficien á Universidade de Vigo.
- En relación coa política de persoal, demandou unha negociación do regulamento de profesorado de forma coordinada cun estudo da RPT.
- Felicita á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado por iniciar os pasos dun proceso previo, pero cuestiona o criterio de carga docente básica. Di que o concepto de carga docente básica é útil se serve para planificar os recursos humanos e incrementar os cadros de persoal; demanda urxentemente a iniciación dun proceso de negociación da RPT e saída de prazas a concurso.
- Pide que se cumpra o rogo de publicar o cadro da carga docente básica dos profesores da Universidade de Vigo.
- Que o plan de promoción non pode ser incompatíbel cando hai déficit de prazas e iso non está recollido no informe.
- Respecto das xubilacións anticipadas, recorda que se comprometeu a mantela en 60 anos.

- Tamén lle recorda o plan de promoción a cátedras e o plan de planificación estratéxica do posgrao. Sinala, que lle preocupa especialmente o decreto da Consellería de Educación que regula as ensinanzas universitarias oficiais.
- Respecto da dimisión da vicerreitora de Investigación e Transferencia de coñecemento do Campus de Ourense, a Prof^a. Vitoria Jato, preguntou cales son as competencias que permanecen na vicerreitoría do Campus de Ourense; cuestionou que o reitor asuma as competencias de representación institucional dos dous campus; e que a desaparición dunha vicerreitoría supón un retroceso respecto da opción descentralizadora dos campus que anunciara no seu programa electoral.
- Reprocha a excesiva carga burocrática que ten que asumir o PDI.
- Felicita ao reitor por limitar as externalizacións de servizos, pero pídelo que amortize o cargo de comisionado de Planificación Estratéxica.
- Remata pedindo prudencia na política académica de profesorado e posgrao, aínda que demanda un plan de consolidación dos investigadores Pargos Ponderables.

Responde o reitor que o informe é un resumo do que se expuxo no mesmo punto nos consellos de goberno de todo o ano; que respecto á repartición de competencias das vicerreitorías de campus, publicouse unha nova delegación no DOG do 14 de setembro de 2011. Respecto ao informe do comisionado do Campus do Mar, terá lugar no próximo Consello de Goberno do día 21 de decembro.

Respecto ao Plan de Financiamento, di que aínda que é obxecto de debate no seguinte punto, debe ter en conta que en relación á captación do 5% do financiamento estrutural por resultado é a primeira vez que a UVigo traballa por resultados e esta porcentaxe incrementará ata o 20%; recomenda que se lea todos os aspectos do Plan de Financiamento para evitar confusións. Que a UVigo non perde, que con arranxo aos criterios de repartición histórica corresponden 45% á USC, 29% á UVigo e 27% á UDC; se pola contra o 5 % esta en función dunha serie de criterios competitivos a repartición é o que segue: 41% á USC, 39% á UVigo e 20% á UDC. O reitor di aos claustrais que temos que seguir traballando coa mesma axenda e incrementar os criterios de repartición; tamén aclara que cando se fala de ter en conta o indicador campus de excelencia favorécese o traballo realizado na coordinación.

O reitor agradece ao profesor Jaime Cabeza as súas indicacións, pero lle di que especula, futuriza e non coida a metodoloxía. Por outra banda, dílle que hai que facer un equilibrio no uso dos salarios, que cando se faga a proxección da carga docente básica veremos onde falta e onde sobran profesores.

Punto 3. Informe sobre a planificación plurianual de acordo co artigo 60.b dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen dá comezo á presentación das liñas xerais da planificación plurianual 2012/2014 (**Anexo I**), servíndose dunha presentación power point.

Comeza por dicir, que a negociación do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 nos últimos meses de 2010 e a posterior concreción dos seus diferentes apartados desenvolta ao longo de 2011, non fixeron factible render dito informe nas sesións do Claustro, celebradas en decembro de 2010 e en xullo de 2011.

Di que, con todo, cun plan estratéxico vixente ata o remate de 2012, aprobado no seu día con ampla maioría dos órganos de goberno, no que se establecen os grandes obxetivos e liñas estratéxicas da institución, e nun contexto económico convulso e con enormes doses de incerteza respecto da súa evolución futura, o exercicio de realizar unha planificación plurianual cuantitativa e concreta ten unha efectividade cando menos limitada. Sinala, que esta é a razón pola que se desenvolven máis polo miúdo as liñas estratéxicas de actuación orzamentaria para 2012, intentando reflectir coa información da que se dispón no momento os condicionantes e os criterios que sustentan a elaboración do orzamento 2012.

Comeza expoñendo o marco legal ao que deberá suxeitarse a xestión económica e as actuacións en materia orzamentaria das universidades públicas galegas. Informa que a Lei 2/2011 de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece os principios reitores aos que deberá adecuarse a política orzamentaria, co obxecto de garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira ao longo do ciclo económico. Polo seu interese para o desenvolvemento da planificación plurianual da Universidade de Vigo o vicerreitor dá conta dos aspectos que considera máis relevantes.

O vicerreitor de Economía continua contextualizando a situación financeira da Universidade de Vigo.

Inicia a súa descrición coa evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG (2005-2009) e á UVigo nos mesmos anos. Ao fío da exposición dos gráficos, vai indicando a composición dos diferentes capítulos e facendo valoracións; di que no ano 2008 o orzamento era equilibrado entre ingresos e gastos, sendo destacable o incremento do Capítulo I (gastos de persoal); resultando o saldo corrente positivo; que no ano 2009 comeza a ser negativo, pero que esta situación non era problemática porque os recursos xerados en anos anteriores permitían afrontar o déficit, continuando a UVigo nunha situación de solvencia financeira.

Expón que no ano 2010 hai unha redución significativa nas achegas da Xunta de Galicia ao Plan de Financiamento, que se reduce notablemente respecto de anos anteriores. Naquel momento a decisión foi manter un volume de gasto semellante a anos anteriores, na idea de que a crise era conxuntural, pensando en que se volvería a recuperar a situación económica. Coherentemente con esa decisión, preséntase un orzamento onde as partidas de ingreso diminúen

e, con todo, as operacións de gastos correntes incrementáanse un 2,74%. Para cubrir a diferenza recórrase á variación de activos financeiros, a través da que se incorporan recursos xerados en anos anteriores.

Seguidamente expón a estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (anualidade 2011). Explica os diferentes compoñentes de financiamento das universidades galegas: financiamento estrutural (90%), financiamento por resultados (5%) e financiamento por mellora da calidade (5%). Tamén dá conta da distribución do financiamento do SUG, para a anualidade 2011. Sinala que o plan de financiamento merece unha lectura máis detida, que os criterios históricos de financiamento non reflicten a verdadeira situación do Sistema Universitario Galego na actualidade. O vicerreitor de Economía e Planificación defende a nova repartición do 5% do financiamento estrutural en función de resultados, fronte ao criterio histórico vixente ata o de agora. Asegura que este novo modelo é un éxito e unha oportunidade de mellorar o financiamento na medida que sexamos quen de mellorar os resultados.

O vicerreitor di que o escenario actual é de menos recursos, pois desde 2010 hai unha continua caída de ingresos. Di que para o exercicio 2012 os gastos de persoal seguen sendo a principal fonte de gasto: un 57% do orzamento cun importe de 93.598.000 euros. Que isto reduce nun -1'29 % o gasto de persoal do exercicio 2011. Esta redución é atribuíble á xubilación do persoal docente funcionario en áreas polas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución, a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino, ao menor fluxo de entrada de investigadores captados a través de programas Ramón e Cajal, Juan da Cierva, Ángeles Alvariño e Parga Pondal, a consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realizan nas convocatorias públicas, e tamén á reforma de do plan de medidas facilitadoreas da xubilación voluntaria do profesorado. É salientable, segundo o vicerreitor, que o impacto do Capítulo I no total de orzamentos de gastos da Universidade de Vigo segue a ser inferior ao que teñen outras universidades do SUG.

Di que, por outra banda, temos un escenario no que hai máis condicionamentos legais para a elaboración dos orzamentos. Neste sentido, o vicerreitor informa que co Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 as universidades comprométese a presentar diante da Consellería de Facenda un plan de sustentabilidade, que vén esixido pola Disposición Transitoria da Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta norma esixe que os orzamentos das universidades se axustarán e executarán, en todo caso, consonte aos planos de sustentabilidade financeira, presentados ao abeiro do Plan de Financiamento universitario 2011-2015 e co informe favorable da Consellaría competente en materia de facenda. En consecuencia, é preciso que a Universidade de Vigo se adapte á nova situación económica e é preciso realizar un esforzo adicional para seguir resistindo. Di que hai que diferenciar entre as medidas relativas á racionalización dos gastos de persoal e outras actuacións para redución do gasto corrente. Sinala, que algunhas das medidas ás que fixo referencia o reitor no seu informe xa están tomadas.

Respecto ás prazas de novo ingreso do persoal docente e investigador, o obxectivo prioritario é manter a carreira profesional do PDI, pero obriga á Universidade de Vigo a facer un esforzo notable nos plans de estabilización dos profesores captados en programas estatais e

autonómicos, pero que son irrenunciáveis os compromisos adquiridos nos programas de estabilización e consolidación de investigadores dos programas Ramón e Cajal e Parga Pondal.

Respecto ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), o vicerreitor di que se acaba de resolver o proceso selectivo da oferta pública de emprego convocada no ano 2009, no que se incorporaron con carácter fixo ao cadro de persoal 97 traballadores: 49 laborais e 48 funcionarios. Establecéronse criterios máis estritos para contratar profesorado interino e cubrir necesidades transitorias.

E no que se refire ao persoal de administración e servizos (PAS) perséguese reducir ao mínimo, e polo tempo imprescindible, as contratacións para substituír as vacantes eventuais ou transitorias de persoal.

Continúa dicindo que se negociará cos axentes sociais unha nova relación de postos de traballo.

Tamén o vicerreitor destaca a aprobación da normativa para o cálculo da carga docente básica que, na súa opinión, é a clave para definir os postos de traballo e este criterio deixará de manifesto o exceso ou déficit de capacidade docente; e así se recolle expresamente no documento, que non se crearán prazas do cadro de persoal agás as derivadas dos plans de promoción aprobados, ou convenio colectivo de PDI laboral, ou os programas de estabilización dos implicados programas Ramón e Cajal e Parga Pondal, ou polo plan de promoción a cátedras. A reforma redundará nun reequilibrio de prazas por ámbitos, que é unha reivindicación histórica.

Di que no documento se describen toda unha serie de medidas para reformular as actividades de xestión. Entre estas últimas, aludiu á aprobación a vindeira semana no Consello de Goberno dun modelo de contratos programa por obxectivos coas facultades e escolas para consolidar unha cultura interna que premie a competitividade.

Para rematar, cita de acordo co documento outras actuacións en materia de gastos e ingresos para a racionalización dos gastos correstes.

Continua explicando o proxecto de orzamento de 2012, as diferentes partidas de gasto e en especial a redución correspondente ao capítulo I. Di que o capítulo I, de gastos de persoal, supón a principal fonte de gasto (un 57,43% do total do orzamento), cun importe de 93.598.000 €. Que isto reduce nun -1,29% o gasto de persoal do exercicio 2011. Que esta redución é atribuíble á xubilación de persoal docente funcionario en áreas nas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución; tamén fai referencia a unha reformulación da xubilación anticipada.

Di que o Capítulo II, de gastos correntes, se incrementa un 1,70%, pasando de 24.581.036 € a 24.997.707 €. Que é importante ter en conta, sen embargo, que, do total de gasto corrente, 2.110.102 € corresponden á execución do proxecto Campus do Mar. Así pois, o gasto corrente ordinario da institución, descontado o Campus de Excelencia Internacional, é de 22.887.605 €, cifra esta que é pertinente comparar co gasto corrente do exercicio 2011, e que supón unha diminución do -6,89% a respecto do exercicio anterior.

Sinala que, ao seu xuízo, hai que intentar moderar o gasto e que este obxectivo é fundamental para o equipo de goberno.

En resumo, o orzamento 2012 presenta un saldo corrente positivo de 795.000 euros, que é o primeiro paso para poñer en viabilidade económica á institución. Que iso depende dos resultados que se obteñan e da concienciación de toda a comunidade universitaria na viabilidade da Universidade. Que unha actitude alternativa de belixerancia e confrontación fronte á Xunta pode ter receptividade no Claustro, pero a Universidade de Vigo non pode cambiar os orzamentos do Goberno de Galicia e de España. A realidade é que a Lei de disciplina orzamentaria condicionanos e obriga a acatar un marco concreto de actuación económica.

Punto 4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía que apoiado en soporte de power point dá lectura a 14 liñas xerais que se deben desenvolver (vid. Documento completo **Anexo II**).

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Xan Cebro para esixir melloras na captación de estudantes. Cita algunhas medidas, como a de situar o SIOPE no edificio do campus histórico para gañar eficacia e dar información. Tamén dá conta do problema detectado coa solicitude de bolsas 2011 ao MEC; un número elevado de alumnos encheron a inscrición pero omitiron o último paso en internet e non presentaron o impreso, polo que na base de datos do MEC aparecen como solicitadas pero non presentadas. Este erro se non se emenda fai que moitos alumnos poidan quedar sen bolsa. Tamén solicita un compromiso firme na promoción do PDI; a desconcentración e descentralización de determinados servizos; unha negociación real da RPT, ao tempo que lamentou o despedimento de 37 traballadores que levaban nalgúns casos ata oito anos traballando por riba da RPT, pero que teñen moi difícil a inserción laboral. Solicita que a contención de gastos non sexa á conta de botar xente á rúa; tamén reclamou que as prexubilacións se estendan ao PAS e que se publique a RPT do PDI.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro, recóllese a súa intervención no **Anexo III**.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para dicir que o orzamento da Universidade de Vigo non é un gasto, se non un instrumento de investimento no futuro, que é unha prioridade e que non podemos resignarnos a que se recorte ano tras ano, que o 1% do PIB debería ser dedicado ao financiamento das Universidades.

Intervén o Sr. Manuel Silveira para facer rogos sobre a política de regulación de bolsas ao alumnado, co fin de evitar ineficacias e dar máis apoio ao alumnado; tamén para insistir nunha política de captación de estudantes e evitar que elixan outras universidades. Para rematar, solicita medidas de asesoramento e fomento de emprego.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para responder ás intervencións.

Comeza por agradecer as intervencións e di que concorda co Sr. Estevo Sánchez na súa reivindicación de dedicar o 1% do PIB ao financiamento da Universidade, xa que a actual está por baixo do que sería razoable e por baixo da media europea.

Ao Sr. Xan Cebro dille que, respecto da RPT, hai unha proposta de Xerencia que se está discutindo nos pertinentes órganos de representación. En calquera caso, o que parece claro é que a negociación dunha nova RPT debe de partir dunha análise de necesidades funcionais e non por acumular sobre a anterior RPT as contratacións adicionais que se teñen feito ata a actualidade. Que non é bo punto de partida falar de ERES.

Ao Prf. Enrique Barreiro agradécelle a súa intervención, pero considera que o punto trata das liñas xerais de política orzamentaria e que non era necesario enumerar detalladamente todas as liñas de actuación, que aparecen detalladas e comentadas polo miúdo na documentación entregada con antelación.

Que respecto dalgunha das súas apreciacións suxírelle que revise o contido relevante do documento e no contexto de enorme dificultade económica na que toca gobernar a Universidade.

Agradece a lectura tan detallada do programa electoral de Alternativa Universitaria e que “está ben que nos refresquen a memoria e recorden as cousas que faltan”. Admite as suxestións en materia de aplicacións informáticas e expresa o seu desexo de contar coa súa opinión como especialista.

Ao Sr. Estevo Sánchez respóndelle que concorda coa necesidade de adoptar estratexias de captación de estudantes, pero que o éxito se mide pola taxa de matrícula e nos últimos anos é satisfactoria.

O reitor intervén para agradecer o ton e as ideas expostas sobre o orzamento. Di que a súa obriga como reitor é como lle dixo o día da toma de posesión o presidente da Xunta de Galicia, “facer máis con menos”, que se non queren chamarlle investimento que lle denominen gasto produtivo, pero é o maior gasto que se pode facer no momento máis difícil para a gobernanza da institución pública pero que o ten que facer con esperanzas de futuro.

Punto 5. Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen di que hai unha praza vacante polo sector Outro Persoal Docente e Investigador e que non se presentou ningunha candidatura, polo que queda vacante.

Punto 6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen pasa a enumerar as seguintes prazas vacantes:

- Sector PDI-A: 2

- Sector PDI-B: 2

-Sector Estudiantes: 2

Informa que se presentaron as seguintes candidaturas:

Polo sector PDI-A:

- Bonorino Ramírez, Pablo Raúl
- Fernández López, Roberto Ignacio
- Rúas Araújo, José

Polo sector PDI-B:

- Mourín González, Teresa
- Ricoy Casas, Rosa María

Polo sector Estudiantes:

- Ledo Fernández, Javier
- Puga Alonso, Javier

A secretaria xeral informa que a pesar de que tanto no sector Estudiantes como no de PDI-B hai o mesmo número de candidaturas que o de postos a cubrir, hai que celebrar a votación, xa que os Estatutos requiren que os candidatos obteñan os 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

A continuación a secretaria xeral informa do procedemento a seguir na celebración das votacións:

Haberá 4 urnas: 2 para o PDI doutor con vinculación permanente, 1 para o resto do PDI, e 1 para os estudantes.

A elección dos representantes dos sectores da comunidade universitaria no Tribunal de Garantías requirirá o voto de 2/3 dos presentes de cada sector.

Cada claustral deberá depositar o seu voto na urna correspondente, deberá acreditar a súa identidade coa tarxeta universitaria ou DNI ou calquera outro documento acreditativo.

Procederáse, ao mesmo tempo, á votación dos representantes de cada un dos sectores. A papeleta do sector PDI doutor con vinculación permanente é de cor amarelo; a papeleta do sector o restante PDI é de cor azul; e a papeleta de Estudantes é de cor rosa.

Na elección dos representantes dos distintos sectores, cada elector só poderá votar a 2 candidatos.

Tamén, dá conta de que o número de votos que necesita cada candidato depende do número de claustrais de cada sector que asistiron á reunión do Claustro. Sendo así que o número de votos necesarios é:

- Sector PDI-A: 46 votos
- Sector PDI-B: 6 votos
- Sector Estudantes: 8 votos

Finalizada a votación e o reconto de votos pola Mesa do Claustro, a secretaria xeral le os resultados:

Polo sector PDI-A:

- Bonorino Ramírez, Pablo Raul: 10 votos
- Fernández López, Roberto Ignacio: 49 votos
- Rúas Araújo, José: 46 votos
- Contabilizáronse: 6 votos en branco

Polo sector PDI-B

- Mourín González, Teresa: 7 votos
- Ricoy Casas, Rosa María: 7 votos
- Ningun voto en branco

Polo sector Estudantes:

- Ledo Fernández, Javier: 4 votos
- Puga Alonso, Javier: 8 votos
- Contabilizaronse 4 votos en branco.

Punto 7. Elección do seguintes posto no Consello de Goberno:

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen pasa a enumerar as seguintes prazas vacantes:

- Sector Estudantes: 2
- Sector Decanos-as/Directores-as: 1

Di que se presentaron as seguintes candidaturas:

Sector Estudantes:

- Ledo Fernández, Juan
- Pérez Traseira, Beatriz
- Silveira Valledor, Manuel
- Varela Martínez, Iago

Sector Decanos-as/Directores-as:

- Alonso Carrera, Jaime

No sector de Decanos-as/Directores-as soamente se presentou unha candidatura, polo que non procede facer eleccións.

No sector de estudantes presentáronse 4 candidaturas para dous postos a cubrir, polo que procede realizar eleccións.

Informa que o procedemento a seguir será o seguinte: as papeletas son de cor branco e cada un dous claustrais deberá depositar o seu voto na urna correspondente; dáse un tempo de media hora para efectuar a votación; e cada elector só poderá votar a 2 candidatos.

Finalizada a votación e o recuento de votos pola Mesa do Claustro, a secretaria xeral le os resultados:

Sector Estudantes:

- Ledo Fernández, Juan: 1 voto
- Pérez Traseira, Beatriz: 0 votos
- Silveira Valledor, Manuel: 9 votos

- Varela Martínez, Iago: 9 votos

- Votos en branco 2

Sector Decanos-as/Directores-as:

- Alonso Carrera, Jaime

Punto 8. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para citar problemas con Xescampus e roga que se adopte unha solución.

Igualmente, que dado os problemas que se xeraron cos formularios de notificación de solicitude das bolsas do MEC, pide que aqueles alumnos que perdan a bolsa poida ter flexibilidade no pago da matrícula ou axudas por parte do Consello Social.

Intervén o Sr. Iago Varela para dicir que o reitor da USC se mostrou partidario de incrementar as taxas de matrícula; solicítalle ao reitor que informe da súa postura e a que vai a manter na reunión do Consello de Universidades. Tamén roga que as páxinas web da Universidade de Vigo empreguen o idioma galego, que é o idioma oficial da Universidade.

Contesta o reitor que el e o seu equipo son partidarios da conxelación das taxas e da igualdade de oportunidades no acceso ao ensino universitario, que non se pode xogar con este dereito.

En relación ás páxinas web, que é certo que non hai un control de todas as páxinas web, e en concreto dos másteres, que se intentará ditar unha instrución para que estean no idioma oficial da universidade.

Cede a palabra ao xerente, quen, respecto de Xescampus, di que a rapidez coa que se implantou é porque é un programa compartido no SUG; ten algúns problemas, no entanto está detectado e en vías de solución e ademais son atendidos polos propios servizos da universidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do día 13 de decembro de 2012, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co vº. e pr. do Reitor.



O Reitor

Salústiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M^a Inmaculada Valeije Álvarez